

Plantilla memoria xustificativa do Máster en Ciencia e Tecnoloxías da Información
Cuántica

Universidade de Vigo

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

A titulación creouse no SUG no curso académico 2023/2024, é polo tanto nova. As modificacións que se propoñen teñen que ver coa procura da excelencia académica, para a que se considera que o idioma inglés é esencial, tanto para atraer estudantes internacionais de alto nivel como para contar con profesorado internacional de traxectoria relevante no campo da ciencia da información cuántica.

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

A ciencia e a tecnoloxía cuántica son un campo emerxente na intersección da física, as matemáticas e a enxeñaría que está a producir avances significativos e radicais na forma en que se fai a computación, a metroloxía e a comunicación da información. O máster ven a cubrir esta necesidade de formación específica de profesionais avanzados nesta área, tanto desde unha perspectiva científica como na máis aplicada de desenvolvemento de aplicacións baseadas na información cuántica para a industria.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

O máster é unha titulación conxunta das tres universidades do SUG.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta

3 Demanda

3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

Tendo en conta os datos dispoñibles, a previsión de matrícula no máster é a de completar o máximo de prazas ofertadas entre as tres universidades do SUG, 24 prazas cada ano académico.

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Non existen titulación de carácter ou contidos semellantes a este máster na UVigo.

4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Os contidos do plano de estudos son propios e específicos da titulación e non coinciden con outros xa existentes no SUG.